

IAKOVOS PITSIPIOS

O Mono Xouth
ou
Os costumes do século

Traducido por Alfonso Blanco



Hugin e Munin

KALLISTRATOS EVGENIDIS E O MONO XOUTH

O avogado e banqueiro Kallistratos Evgenidis era o mozo máis rico, brillante, instruído e nobre de Atenas. No ano 1844 tornara dunha longa e proveitosa viaxe pola Europa ilustrada ao longo da cal adquirira, nun breve espazo de tempo, todo tipo de saberes literarios, filosóficos, científicos e políticos, ademais de deprender Belas Artes e moitas linguas antigas e modernas. Finalizado o seu periplo, establecérase na capital, nos arredores da praza Sintagma, preto do Palacio Real, coa esperanza de que se lle presentase a ocasión oportuna de poñer os seus profundos coñecementos, elevadas virtudes e cumprida experiencia ao servizo da patria, a nación, Oriente, Occidente e o conxunto da humanidade.

Durante a súa estadía en Inglaterra, mercara un mono ben aleuto, do xénero dos orangutáns, chamado

¹Dado que Pitsipios non chegou a completar a novela, os dezasete capítulos da chamada primeira parte conforman a totalidade do texto dispoñible.

Xouth². O primeiro amo do animal, un dos máis adifneirados e garbosos *lords* do país, adestráao até conseguir instruílo nos usos e costumes ingleses, ao xeito dun axudante de cámara. Gratulábase este nobre persoeiro ao comprobar que, fose cal fose a situación, era quen de se entender co mono mediante acenos, até o extremo de que o levaba a carraxe e a humillación cada vez que se vía obrigado a comunicarlles de palabra os seus desexos aos serventes humanos.

En certa ocasión, por volta do mes de agosto, o *lord* apostara cun conde amigo seu que o 28 de novembro seguinte non chovería en Londres. Malgrado o vaticinio, pois o día indicado caeron chuzos de punta, o derrotado retador non se dignou a presentarse ante o conde para lle aboar as 10 libras fixadas como pagamento, e aquela noite enforcouse: guindouse dunha das columnas do dosel da cama. E así foi como o mono Xouth, vendido na seguinte poxa xunto cos bens do aforcado *lord*, pasou a mans do máis nobre dos nosos compatriotas.

Se ben polo xeral os orangutáns se distinguen das demais especies de homínidos pola súa notable semellanza co ser humano, no caso do mono Xouth o parecido resultaba aínda máis prodixioso: o porte, as dimensións do corpo, o alcance das capacidades intelectuais e outros exquisitos dotes outorgábanlle vantaxe sobre os seus conxéneres. En público, o mono Xouth lucía sandalias, longas roupaxes e, na cabeza deforme, unha sorte de sombreiro. Porén, os trazos máis sobranceiros víanse no rostro desamañado e peludo, e características coma a pelaxe, as mans, rematadas en afiadas unllas,

²A sonoridade do nome en grego é semellante á voz que nese idioma se emprega para mandar parar as cabalarías e outros animais, equivalente a «xo».

